

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



JOSÉ M^a DOMÍNGUEZ BLANCO, SECRETARIO ACCIDENTAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 08/08/2023 acordou:

5. NOMEAMENTO DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE HISTÓRICO DE VIGO. EXPTE. 14992/407.

Antecedentes:

O 27/06/2023 a técnica de administración xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais e do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“I. ANTECEDENTES

O Consello da Xerencia de Urbanismo, na sesión de data 07.03.2023, aprobou o expediente de contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo e apertura da fase de licitación.

Segundo se recolle no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado na sesión de data 07.03.2023, establece como criterios de adjudicación o reparto entre criterios avaliados mediante xuízo de valor, cunha puntuación máxima total de 65 puntos, e criterios avaliados mediante fórmulas, correspondendo neste último caso unha puntuación máxima de 35 puntos.

Á vista do reparto efectuado e do sinalado na normativa contractual procede a designación dun Comité de expertos que avalíe a documentación achegada no Sobre B correspondente aos criterios avaliados mediante xuízo de valor.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RGLCAP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCAP).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm 193, do 06/10/2010).

III. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1. Necesidade de designación de Comité de Expertos.

Conforme ao artigo 146.2.a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, “*nos procedementos de adjudicación, aberto o restrinxido, celebrados polos órganos das Administracións Públicas, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor corresponderá, nos casos en que proceda por ter atribuída unha ponderación maior que a correspondente ós criterios*

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



avaliables de forma automática, a un comité formado por expertos con cualificación apropiada, que conte cun mínimo de tres membros, que poderán pertencer ós servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderán estar adscritos ó órgano proponente do contrato, ó que corresponderá realizar a avaliación das ofertas; ou encomendar esta a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos”.

A disposición adicional segunda, apartado 8, da propia Lei 9/2017, establece que “o comité de expertos a que se refire a letra a) do apartado 2 do artigo 146 da presente Lei, para a valoración dos criterios que dependan dun xuízo de valor, poderá estar integrado nas Entidades locais por calquera persoal funcionario de carreira ou laboral fixo con cualificación apropiada que non tivera participado na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En todo caso, entre este persoal deberá formar parte un técnico xurista especializado en contratación pública”.

En consecuencia e dado que na presente contratación os criterios de avaliación de ofertas que dependen dun xuízo de valor representan o 65%, a intervención do comité de expertos ten carácter obrigatorio.

Segundo o indicado nos artigos anteriormente transcritos, e de conformidade co sinalado pola Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado, en informes 34/2009 ou no informe 96/18, é necesario que os membros do dito comité teñan unha especial preparación técnica, que non ten que restrinxirse ás características do posto de traballo desempeñado no momento da licitación da contratación, e independencia respecto dos membros que conforman a Mesa de Contratación, recalando a necesidade de que forme parte un xurista con suficientes coñecementos da contratación pública. Dita posición é recollida, igualmente, pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

En base ao sinalado nos ditos informes, e a fin de reforzar a obxectividade da adxudicación, faise necesario nomear a un órgano específico, que actúe con total independencia da Mesa de contratación, entre o persoal dependente dos servizos deste órgano de contratación, que se absterá de participar como membro da dita Mesa de Contratación na presente licitación.

2.- Órgano competente.

Segundo a normativa aplicable en materia de contratación administrativa e o establecido polo artigo 10º.2. h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (versión consolidada publicada no BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010), corresponde a competencia como órgano de contratación na tramitación do presente expediente ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 2 votos: 1 do PP: Sra. Sánchez Méndez e 1 do BNG: Sr. Pérez Igrexas.

A FAVOR: 6 votos do PSOE: Sres. Caride Estévez, Losada Álvarez, López Font, Fernández Pérez, Aneiros Pereira e Alonso Suárez.

Acordo:

O Consello, por maioría, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a seguinte composición do comité de expertos, que intervirán na avaliación, mediante criterios sometidos a xuízo de valor, das ofertas presentadas para prestar o servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo, debendo absterse nas convocatorias da Mesa de

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Contratación realizadas ao efecto.

Comité de expertos:

- Lorena López Rodríguez, técnica xurídica de Planeamento Xeral e Supramunicipal da XMU
 - Suplente: Rosalía Alonso Pena, técnica de Administración Xeral da XMU.
- Paula Martínez Vidal, arquitecta municipal do Servizo de Planeamento e Xestión.
 - Suplente: María Luisa Sobrino del Río, arquitecta municipal xefa da Área Técnica da XMU
- Iván A. Ramos Lamas, enxeñeiro de edificación municipal
 - Suplente: David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos Municipais.
- José Búa Gil, arquitecto da Oficina Técnica de Licenza de Obras da XMU
 - Suplente: Elena Maure Noia, arquitecta da Oficina Técnica de Licenza de Obras da XMU.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez